

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



INFORME SOBRE AS REFERENCIAS TÉCNICAS PRESENTADAS NO SOBRE B DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO ENLACE AC-552 -POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA" (OBR. 08/2019)

Lorena Castrillón Manso, Enxeñeira Técnica de Obras Públicas do Concello de Carballo, á vista do expediente e unha vez examinadas as ofertas presentadas para a realización das obras que se indican no encabezamento, emite o seguinte informe:

1. OBXECTO:

Trátase de informar as Referencias Técnicas presentadas no sobre B, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación mediante procedemento aberto das obras recollidas no proxecto denominado "Itinerario peonil e ciclista: Enlace AC-552 - Polígono industrial de Bértoa", cun orzamento de execución por contrata, IVE incluído de 119.948,98 €, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal, José Manuel Facal Fariña, en febreiro de 2019.

2. REFERENCIAS TÉCNICAS:

Os licitadores ás obras relativas ao expediente de contratación "Mellora de infraestruturas viarias no enlace AC-552 -Polígono Industrial de Bértoa" dos que se vai a avaliar o sobre B son:

- CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, S.L
- HORDESCÓN, S.L.
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.
- CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.

Vistas as ofertas técnicas presentadas, cómpre indicar que para realizar a súa valoración se tiveron en conta os criterios que constan no artigo 12.B e no ANEXO IV do PCAP que se indican a continuación:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

1.- Programa de traballo (cláusula 12 e 15)

Se valorará:

- análise correcto do ámbito de actuación
- análise correcto de posibles afeccións al territorio servizo preexistente o persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos a realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou no borde da estrada (casetas de obra, grúas, colectores, maquinaria, etc)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais a empregar en obra
- coherencia dos programas Gantt e Pert
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

Puntuación: ata 20 puntos

CONTENIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



2.- Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12 e 15)

Puntuación: ata 10 puntos

CONTENIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

3.- Plan de Control de Calidade (cláusula 12 e 15)

Se valorará:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Puntuación: ata 9 puntos

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



CONTENIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

4.- Programa de actuación medioambiental (cláusula 12 e 15)

Se valorará:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise completa das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético a adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais a adoptar ao final da obra
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos a realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental na empresa e na obra

Puntuación: ata 6 puntos

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



CONTENIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

Os aspectos considerados no presente informe foron os seguintes:

- A presentación e adaptación da oferta os criterios de valoración do PCAP, segundo o artigo 12.B
- A metodoloxía que se vai a empregar por parte da empresa na realización das obras que non se indican expresamente no proxecto, así como a concreción do grao de definición e a súa total adaptación á obra. Non se consideran idóneas as descrições xenéricas e non adaptadas, penalizando o coñecido vulgarmente como "corta e pega". Considéranse como aspectos específicos e adaptados á obra os que se enumeran a continuación:

- Programa de construción das obras

- Memoria explicativa e memoria construtiva nos que se reflexe o coñecemento das actuacións a realizar, a organización da obra, a orde e os tempos de execución e a coordinación entre oficios, etc... dunha maneira específica e adaptada a obra a executar.
- Estrutura da empresa no referente a maquinaria e medios propios da empresa adaptados a traballar conxuntamente. Así como a subcontratación esperada.
- Coñecemento previo da zona onde se van a realizar os traballos, acreditados mediante un informe fotográfico comentado e guiado, etc..

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- Propostas de organización dos traballos adaptadas á obra, tales como organización do tráfico, accesos provisionais, zonas de acopios, etc..
- Cartas de compromiso dos subministradores dos materiais necesarios para a execución das obras, etc...
- Gráficos da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras. Porcentaxes de certificación esperadas, etc...

- Programa de actuación Medioambiental

- Indicación e valoración dos impactos medio ambientais e medidas correctoras para cada unha das diferentes actividades a executar.
- Volumes e clasificación de residuos xerados, identificación dos vertedoiros e xestores máis próximos, así como cartas de compromiso destes xestores.
- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais de xeito específico.
- Rexeneración de espazos.
- Medidas de eficiencia e aforro enerxético.

- Plan de control de calidade.

- Valóranse positivamente a adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra en referencia ao control de calidade. Sendo a máxima referencia o Sistema de control de calidade implantado na empresa.
- Valóranse positivamente os plans de control interno que achegan un plan de PPI adaptado as diferentes unidades de obra a executar. Como metodoloxía da suficiencia do control de obra na recepción dos materiais e a súa posterior instalación e execución na obra.
- Valóranse positivamente os programas de ensaios adaptados ós traballos a executar.

- Esquema do Plan de seguridade e saúde

- Valóranse positivamente as ofertas que fan unha relación e avaliación concreta dos riscos que se poden producir, tanto por actividades como por utilización de maquinaria e medios auxiliares, así como as medidas preventivas para minimizar os riscos.
- Indicación dos centros sanitarios da zona con dirección e teléfono, así como a súa situación e itinerarios a seguir en caso de accidente.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- Valóranse positivamente a adecuación da organización da empresa, comité de seguridade, traballador designado de forma concreta e nominativa, mutua de prevención, etc.. Así como a xestión da seguridade e saúde na obra, número de traballadores, vestiarios, comedores, etc..
- Valóranse positivamente as melloras concretas en obra que supoñen un beneficio para os traballadores e cidadáns, por diante das melloras xenéricas e medidas que son obrigatorias segundo a lexislación aplicable.
- Valórase de forma positiva que as empresas estean en posesión de sistemas de calidade, materia medioambiental, seguridade e saúde, de ámbito internacional debidamente certificados por empresas acreditadas.
- Valórase de forma positiva que se indicase a disposición dos medios humanos, maquinaria e medios auxiliares que se van a poñer a disposición dos traballos, primando os medios propios por encima dos subcontratados, por considerar que o persoal está mellor adaptado ó manexo dos mesmos.
- O grao de integración das actuacións da obra en todos os aspectos, programación, calidade e seguridade e saúde.
- As valoracións fixéronse por comparación das documentacións achegadas por cada un dos licitadores.

3. ANÁLISE DAS OFERTAS PRESENTADAS:

3.1. CONSTRUCCIONES VAZQUEZ Y REINO, S.L

Número de páxinas correcto.

1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa correcta, con medicións e información gráfica das actuacións a realizar e descrición correcta da orde de execución dos traballos propoñendo fases para a realización da obra.
- Achega relación de maquinaria e equipos de traballo completos adaptados ao funcionamento da empresa e ligados ao programa de traballos.
- Análise dos servizos afectados e análise do tráfico correcta
- Achega un cadro de necesidades/acopio de materiais con medicións e relación de provedores. Achegan dúas cartas de compromiso e indican necesidade de subcontratación.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- Achega diagrama de persoal asociado á obra obxecto de licitación.
- Fai mención aos medios auxiliares que utilizará, achega plano de implantación detallado.
- Informe fotográfico completo, comentado e con plano guía
- Fai mención aos condicionantes externos: climatolóxicos, medioambientais, administrativos, construtivos e relativos aos accesos.
- Listado de actividades con rendementos.
- Achega diagrama de Gantt moi completo e detallado.
- Diagrama de inversións con gráfica asociada.

PUNTUACIÓN: 15,10 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos, as medidas preventivas e sinala a valoración dos riscos das partidas relativas a escavacións e canalizacións, pavimentos de formigón e pavimentos prefabricados.
- Indica a formación en materia de seguridade coa que conta os traballadores asignados á obra.
- Achega organigrama específico, indica servizo de prevención alleo, mutua de traballo e recurso preventivo.
- Indica e localiza o centro médico de Carballo para acudir en caso de accidente.
- Establécese a xestión da saúde na obra no apartado 1).
- Achegan un plan de emerxencia xenérico
- Achegan cinco melloras de índole técnica.
- Achegan un plan de emerxencias xenérico.
- Achega certificación OSHAS 18001

PUNTUACIÓN: 5,20 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición da estrutura técnico - administrativa responsable, do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001 e certificado.
- Achega un programa de puntos de inspección das partidas relativas a escavación e recheo de gabias, bases de saburra, pavimentos prefabricados e sinalización.
- Definen os criterios de aceptación e rexeitamento a levar a cabo pola empresa durante a execución da obra.
- Achega plan de ensaios completo por capítulos, con medicións xustificativas do nº de ensaios, normas de aplicación e frecuencias de ensaio.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios.

PUNTUACIÓN: 7,80 puntos

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

4) Actuación Medio Ambiental.

- Achega diagrama de organización técnico administrativa relativo á xestión ambiental baseado na norma ISO 14001. Achega certificación.
- Compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.
- Realiza unha descrición dos impactos, valora o impacto e achega as medidas correctoras por elemento afectado, para as unidades de obra principais.
- Cuantifica e cualifica os residuos a xerar na obra.
- Indica e localiza un xestor de residuos da zona e achega carta de compromiso.
- Indican a partida de obra que xera máis residuos e propoñen a utilización de maquinaria adecuada para evitar residuos e poder realizar a reutilización de materiais.
- Achega certificados relativos á adecuación ambiental dos materiais a empregar en obra.
- Achega croquis de afeccións medioambientais.
- Indican catro medidas a tomar para o aforro enerxético xenéricas.

PUNTUACIÓN: 4,55 puntos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 32,65 puntos.

3.2. HORDESCÓN

Número de páxinas correcto.

1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa sinxela, na que se describe a actuación obxecto de licitación, indicando algunhas medicións e plano de proxecto para a súa descrición. Memoria construtiva na que explican o xeito de realizar a obra mediante fases.
- Formación dos equipos de traballo sinxela
- Achegan plano de afeccións ao entorno.
- Análise dos servizos afectados sinxela e proposta de ordenación o tráfico moi completa..
- Achega relación de provedores dos principais materiais a empregar e achega 6 cartas de compromiso. Indica subcontratación e achega carta de compromiso.
- Analízase a necesidade de acopios, indicando a cantidade a acopiar e a duración do acopio relacionada coa duración da actividade a realizar.
- Fai mención aos medios auxiliares que utilizará e achega fotografía e plano de situación e distribución da parcela onde se implantarán, no que tamén se indican as circulacións durante a obra.
- Achegan organigrama de persoal proposta para a execución da obra.
- Achega xustificación dos rendementos a adoptar para as distintas unidades de obra.
- Achega diagrama de Gantt correcto

PUNTUACIÓN: 9,85 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Identifica os riscos e as medidas preventivas relativas ás principais unidades de obra.
- Achega organigrama da estrutura relativa á xestión da seguridade e saúde e indica mutua e servizo de prevención alleo.
- Establécese a xestión da saúde na obra no apartado 1).
- Indica e localiza os centros sanitarios aos que acudir en caso de accidente.
- Achegan dúas melloras de índole técnica relativas á seguridade e saúde.
- Achega certificación OSHAS 18001

PUNTUACIÓN: 5,25 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación a la obra.

3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición da estrutura técnico-administrativa responsable, do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001 e certificado.
- Achega un programa de puntos de inspección das partidas relativas a demolicións de pavimentos, desmontes e terrapléns, subbases e bases granulares, pavimentos de formigón, tubarías, arquetas e pozos.
- Achega unha proposta de plan de ensaios de control de calidade referido as seguintes unidades de obra: Saburra, Pavimento de formigón e pluviais. Cabe sinalar que inidca as medicións de proxecto, tipo de ensaio, norma e frecuencia e nº de ensaios a realizar.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios.

PUNTUACIÓN: 5,75

Considerase que se trata dun plan de control de calidade que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.

4) Actuación Medio Ambiental.

- Achega cuantificación dos residuos a xerar, indica dous xestores de residuos e aporta carta de compromiso.
- Análise relativo á reciclaxe, a recuperación e reutilización de materiais específico para a obra obxecto de licitación.
- Achega dúas medidas de aforro enerxético, xenéricas.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- Fai referencia á rexeneración de espazos de xeito xenérico
- Achega certificación ISO 14001
- Achega certificado de adecuación ambiental de materiais a empregar en obra
- Realiza unha descrición dos impactos, valora o impacto e achega as medidas correctoras por elemento afectado, para as unidades de obra principais.

PUNTUACIÓN: 4,15 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 24,95 puntos.

3.3. EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.

Número de páxinas correcto.

1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa e construtiva moi sinxela.
- Achegan procedementos construtivos vinculados aos equipos de traballo e adaptados ao funcionamento da empresa e a obra obxecto de licitación.
- Afeccións aos servizos afectados sinxela e análise do tráfico correcta
- Achega un cadro de necesidades de materiais sen medicións, relación de provedores e unha carta de compromiso. Indican necesidade de subcontratación e aportan unha carta de compromiso.
- Achega organigrama de persoal para a obra obxecto de licitación.
- Localiza unha zona para as instalacións auxiliares e achega plano de distribución
- Informe fotográfico correcto comentado e guiado.
- Achega xustificación dos rendementos a adoptar para as distintas unidades de obra.
- Achega diagrama de Gantt correcto.
- Diagrama de inversións semanal cunha gráfica asociada

PUNTUACIÓN: 10,80 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos e as medidas preventivas das seguintes unidades de obra: Demolicións, excavacións e canalizacións; Pavimentos de formigón e loseta, bordillo prefabricados e in situ.
- Indican e localizan os centros médicos aos que acudir en caso de accidente
- Contémplanse os sistemas de seguimento e control de aplicación do plan de seguridade e saúde.
- Achega un organigrama xenérico indicando as funcións e o servizo de prevención alleo.
- Establécese a xestión da saúde na obra no apartado 2).
- Achégase acreditación de auditoria en materia de seguridade
- Non se aceptan as melloras técnicas achegadas, por ser cuestións obrigatorias ou sen interese.

PUNTUACIÓN: 3,95 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación a la obra.

3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición da estrutura técnico - administrativa responsable, do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001.
- Achega de xeito detallado os criterios de aceptación e rexeitamento para as unidades de obra relativas a formigón en pavimentos, saburra artificial e bordillos,. Do mesmo xeito, achégase PPI de formigón en pavimentos e de bordillo de formigón.
- Achega plan un plan de ensaios de control de calidade relativo a: Formigóns, Malla electrosoldada, Saburra, Pavimento de losetas e bordillo. No plan presentado especifícanse o tipo de ensaio, a norma e o número de ensaios.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios indicado.

PUNTUACIÓN: 4,50 puntos.

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



4) Actuación Medio Ambiental.

Achégase un programa de actuación medioambiental:

- Identifica a estrutura da empresa en materia de xestión ambiental.
- Realiza unha descrición dos impactos e as medidas preventivas por elemento afectado.
- Fai referencia a rexeneración de espazos afectados de xeito correcto
- Cuantifica os residuos a xerar na obra.
- Identifícanse e localízanse xestores de residuos. Achégase carta de compromiso dun xestor para a obra obxecto de concurso.
- Fai mención á reciclaxe e reutilización de xeito xenérico.
- Incorpora plano no que se reflicte a situación da obra con respecto das áreas con algún réxime de protección.
- Achega un plan de emerxencia medioambiental xenérico.
- Achega tres medidas e aforro enerxético xenéricas
- Achega certificado de adecuación ambiental de materiais a empregar en obra
- Compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.

PUNTUACIÓN: 3,25 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra

A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 22,50 puntos.

3.4. CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L.

Número de páxinas correcto.

1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa e construtiva correcta, con medicións, planos e análise de aspectos concretos.
- Sistemas construtivos moi completos, nos que se detalla o dimensionamento dos equipos de traballo adaptados ao funcionamento da empresa e da obra obxecto de licitación.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- Achega análise dos servizos afectados e ordenación do tráfico, propoñendo desvíos provisionais. Achega planos.
- Achega un cadro de necesidades de materiais sen medicións e unha relación de provedores e achegan unha carta de compromiso. Indican necesidade de subcontratación e achegan cartas de compromiso
- Achega organigrama de persoal para a obra obxecto de licitación.
- Fai mención aos medios auxiliares que utilizará e o lugar de implantación. Cabe sinalar que indica os materiais a acopiar a indica a distribución das zonas de acopios, instalacións auxiliares, maquinaria..
- Achegan reportaxe fotográfico integrado en memoria explicativa.
- Achega listado de actividades con rendementos e duracións para a formación do diagrama de Gantt.
- Achega diagrama de Gantt correcto
- Diagrama de inversións correcto e gráfico asociado

PUNTUACIÓN: 14,35 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos e as medidas preventivas da unidade de obra referida a pavimento de formigón. Do mesmo xeito tamén indica riscos e medidas preventivas de maquinaria.
- Achega organigrama específico, indica servizo de prevención alleo, mutua de traballo e recurso preventivo.
- Indica como realiza o seguimento das subcontratas.
- Establécese a xestión da saúde en obra no apartado b).
- Achegan unha análise de emerxencias detallado indicando o procedemento de actuación, delimitación e valoración.
- Achéganse dúas melloras de índole técnica en materia de seguridade e saúde.
- Xustifícase a realización das auditorías mediante a certificación OHSAS

PUNTUACIÓN: 5,10 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación a la obra

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001 e achega certificación.
- Descrición do sistema de control de recepción e control de procesos de execución xenéricas, e listado de PPI'S. Achega PPI relativo á pavimentación de formigón e instrución técnica relativa á recepción de formigón.
- Achega plan de ensaios por capítulos, con medicións xustificativas do nº de ensaios, normas de aplicación e frecuencias de ensaio das principais unidades de obra. Cabe sinalar que discretizan entre os ensaios a realizar durante a recepción de materiais e os que se realizan a unidade terminada.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar plan de ensaios.

PUNTUACIÓN: 6,50 puntos.

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

c) Actuación Medio Ambiental.

Achégase un programa de actuación medioambiental:

- Descrición dun sistema baseado na norma ISO 14001. Achega certificación.
- Cuantifica e cualifica os residuos a xerar na obra. Fai mención a que é xestor de RCD's e indica outros xestores da zona.
- Indican de xeito concreto que materiais reutilizan e o xeito de facelo.
- Realiza unha descrición dos impactos e as medidas preventivas de xeito específico das principais unidades de obra.
- Incorpora plano no que se reflicte a situación da obra con respecto das áreas con algún réxime de protección.
- Faise mención á reciclaxe e reutilización de xeito somero.
- Compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



PUNTUACIÓN: 4,75 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 30,70 puntos.

4. PROPOSTA DE PUNTUACIÓN:

De conformidade co análise das ofertas presentadas que se contén no apartado precedente, faise a seguinte proposta de puntuación (achégase anexo con detalle das puntuacións, diante de calquera discrepancia entre este informe e o anexo de puntuacións, prevalecerá o anexo de puntuacións):

LICITADOR

1. CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, S.L	32,65
2. HORDESCÓN S.L	24,95
3. EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L	22,50
4. CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L	30,70

En Carballo - A Enxeñeira Técnica - Lorena Castrillón Manso (sinatura dixital)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO
 A Coruña



		CONSTRUCCIONES VÁZQUEZ Y REINO S.L	HORDESCÓN S.L	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L
LICITADOR					
BAREMO		PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS
PROGRAMA DE TRABAJO	0-20				
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	13,01-20,0	15,10	-	-	14,35
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	6,01-13,0	-	9,85	10,80	-
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-6,0	-	-	-	-
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
ESQUEMA PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE	0-10				
Ofertas que presenten un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	6,51-10,0	-	-	-	-
Ofertas que presenten un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	3,01-6,50	5,20	5,25	3,95	5,10
Ofertas que presenten un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-3,0	-	-	-	-
Ofertas que presenten un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
PLAN DE CONTROL DE CALIDADE	0-9				
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	5,86-9,0	7,80	-	-	6,50
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	2,71-5,85	-	5,75	4,50	-
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-2,70	-	-	-	-
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL	0-6				
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	3,91-6,0	4,55	4,10	-	4,75
Ofertas que presenten una actuación medioambiental que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	1,81-3,90	-	-	3,25	-
Ofertas que presenten una actuación medioambiental que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-1,80	-	-	-	-
Ofertas que presenten una actuación medioambiental que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
Puntuación TOTAL		32,65	24,95	22,50	30,70

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
 (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)